

QUEIXÁMONOS DE VICIO

Sen dúbida, hoxe asistimos a unha mostra máis de que Banco Sabadell non merece a calidade profesional e a **resistencia física e psíquica do seu persoal**.

Despois de presentar á empresa dende a Unidade de Acción Sindical moitas das necesidades do cadro de persoal, ademais de concentrar e resumir en 6 aquelas que son sumamente urxentes, co fin de abrir unha mesa de negociación na que se vaian incorporando progresivamente o resto de medidas. tiveron a honra de escoitar, a través dun case monólogo sen quendas de palabra, as declaracións ofensivas e imprecisas da alta Dirección en referencia ao ámbito laboral.

As premisas das que parten, segundo as palabras textuais, son as seguintes:

- Que observan que o banco funciona.
- Que non comparten coa representación laboral dos traballadores o diagnóstico da situación crítica na que se atopa o cadro de persoal.
- Que están estudando algunhas cousas...
- Que escoitan voces que non defenden o teletraballo e polo tanto é mellor que a RLT non faga moito ruído ao respecto....
- Que non teñen intención de abrir ningunha mesa de negociación porque non o ven necesario.

Como avances en canto ás propostas de urxente necesidade que plantexamos **dende a Unidade de Acción Sindical**, expuxeron algunhas delas, que abordarán, segundo sinalaron, da seguinte forma:

- Contratación de persoal con experiencia en BS en período vacacional.
- Peche de oficinas, non só en agosto, senón quizais por un período máis longo...
- Fusión por absorción en breve por BS da empresa BSOS. O persoal de Servicing continuará, previsiblemente, no desempeño das súas funcións.
- Alivio de problemas en oficinas con moi pouco persoal... sen especificar exactamente como o farán. Só mencionaron a posibilidade de pechar algúns centros ou abrir outros esporádicamente con maior persoal e horarios especiais....
- Atraso no horario de apertura das oficinas ata as 8:30 horas, pero ollo, con ampliación do horario de atención ao público ata as 14:30 horas.
- Oferta de cambio de hipoteca de tipo variable a tipo fixo do 1,35% nas primeiras vivendas e do 1,60% nas residencias de recreo, mediante contrato privado ata finais de xullo.
- Posta en marcha de ofertas internas nos próximos días...
- Engade algúns puntos máis ao "Protocolo de Acoso de Clientes" xa existente.
- Escandallar as figuras de rede por niveis e competencias, para o que, ao parecer, pedirán o noso consello.

Pretenden considerar a RLT convidados de pedra e con elo, ao persoal, cal paxariños que agardan co pico aberto a que lles caia o que queira que a súa empresa teña a ben concederlles.

Isto, lamentamos dicirlle, **non funciona así**. Ninguén mentiu nin esaxerou sobre a triste e crítica situación na que se atopa a gran maioría do cadro de persoal, polo que as forzas sindicais uníronse, non para permitir que o persoal reciba as migallas que reparte o banco, senón para ofrecer a nosa colaboración para traballar conxuntamente na procura de solucións para o persoal que nos necesita con extrema urxencia.

Nin os traballadores do Banco Sabadell **nin a MAIORÍA da súa representación** actuarán como consultores, nin aplaudirán a xestión dunha empresa que vive a anos luz da realidade da súa xente. O que vivimos hoxe é unha auténtica burla ao conxunto das traballadoras e traballadores no Banco, cos que pretenden seguir xogando á súa vontade, pero **cumpriremos coa nosa obriga de non o consentir**.



AS MOVILIZACIÓNS E MEDIDAS DE PRESIÓN NO SE FARÁN ESPERAR, CONTAMOS CO APOIO DO PERSOAL.